

Informe sobre a situación do lobo en Galiza



Febreiro de 2017





ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

INFORME SOBRE A SITUACIÓN DO LOBO EN GALIZA

Documento elaborado polo biólogo Martiño Nercellas Méndez, vogal de biodiversidade de ADEGA

Febreiro de 2017



ADEGA

INFORME LOBO



RESUMO DO DOCUMENTO.

1. Sobre o lobo, independentemente da idea que exista no imaxinario popular, hai unha percepción moi negativa que nos últimos anos ten aumentado debido a un **discurso antilobo ou lobófobo promovido interesadamente dende determinados sectores.**

2. Os danos de lobo son unha realidade que debe ser afrontada con responsabilidade, pois son motivo dunha forte frustración para moitas granxas, aínda que a nivel económico global teña un alcance marxinal.

O impacto económico sobre a cabana gandeira, calculado en base aos avisos por danos, sitúase sobre o 0,035 % do valor produtivo total estimado para Galicia. Sobre a incidencia no número de efectivos da cabana cabalar o impacto afecta ao 0,5 % dos animais rexistrados; caprino un 0,3%; ovino un 0,3%; e sobre a bovina, que representa o sector con máis volume de produtividade no mercado, dun 0,04 %.

O incremento no número de avisos no ano 2016, puido ter moito máis que ver coa mellora no protocolo de recollida de avisos, en particular coa mellora do servizo telefónico do 012, e polo efecto do notorio incremento das axudas, que por un aumento no número de ataques por un suposto aumento da poboación de lobos.

3. **Os controis poboacionais son contraproducentes, non soen cumprir co seu fin, e causan unha grave lesión a una especie que se caracteriza por unha complexa estrutura social sometida a unha marcada xerarquización dentro do grupo. A taxa de captura nestes controis vén sendo de 1 lobo cada 4,4 controis, máis alto do que a priori se podería agardar.**

Non solucionan o problema e, incluso, poden incrementalos derivando nun maior número de danos ao gando.

Na actualidade as autorizacións son tramitadas cunha dubidosa ou nula base xustificativa e científica/técnica, e responden máis ben a decisións arbitrarias en resposta de determinados intereses. A posibilidade de efectuar controis poboacionais debe ser unha medida de marcada excepcionalidade, e rigorosamente xustificada, e en atención a criterios científicos, e só cando quede demostrado a ineficacia da posta en marcha das medidas preventivas, pago dos danos e de sensibilización.

4. **O problema non radica no lobo e na súa poboación senón no fracaso en abordar responsablemente o conflito que xera no gando.**





O exceso de batidas/ganchos para outras especies (máis de 35.000 solicitudes no 2016 para xabarís), sen criterio técnico algún que as sustente, presúmese coma un novo e importante factor de molestia. Impacto non avaliado pola Administración, que pode estar a derivar no acantonamento e desprazamento, tanto do lobo coma o xabaril, cara zonas de seguridade existentes nas áreas periurbanas, bordes dos núcleos de poboación do rural, e lindes das vías de comunicación.

5. Existe un **fracaso na disposición de axudas por danos**, relacionado cunha baixa dotación económica nos últimos anos, **con retrasos considerables que acumulan ata impagos por valor de 570.000 euros dende o ano 2010**, calculado en base aos datos de avisos por danos.

Cabe destacar que unha fracción de avisos por danos non son causados polo lobo, e resulta preciso dispor de datos fiables e públicos das perdas numéricas diferenciadas causadas polo lobo fronte as provocadas por cans e, sobre todo, as que son froito de picaresca de falsos ataques. **Experiencias ao respecto indican que sobre un 30 deses danos poden non ter sido causados por ataques directos do lobo**. Polo que a cantidade real adebedada e acumulada, entre o período 2010-2016, podería situarse sobre os **438.461 euros**.

Aínda así, a efectos de mitigar o fenómeno da conflictividade social existente na actualidade, **as axudas por pagos deben ser xenerosas e manter certo criterio de flexibilidade para os casos de dúbidas**, nas que a pesar de que o lobo non sexa o principal sospeitoso do dano exista unha compoñente de ataque procedente de cánido.

Dáse unha falta de transparencia de como se resolven os expedientes dos danos, pois non se publican datos sobre cantos dos avisos rexistrados son considerados coma negativos por lobo. Isto está a facer que exista confusión na procedencia dos danos, con tendencia a atribuílos sempre ao lobo, que remata **cunha mala percepción a este tipo de mecanismos por parte dos afectados**.

6. Existe un **fracaso na posta en marcha de medidas preventivas** atendendo as múltiples recomendacións e manuais existentes. **A prevención pasa por ser unha das chaves para a solución deste problema**. Deben dispoñerse recursos e asistencia técnica ás explotacións con danos recorrentes para tratar o motivo da permeabilidade desas ganderías aos ataques do lobo.





7. O logro dunha **boa combinación entre a posta en marcha das medidas preventivas e o pago de danos**, de maneira áxil e xenerosa, resulta a mellor ferramenta para mediar unha solución permanente, e **minorar a conflictividade social asociada ao lobo**.

8. **Resulta falsa a idea de que existe unha sobrepoboación de lobos**, ou que os soltan, ou que existen *lobicans*, ou lobos híbridos (de maneira xeneralizada). Os estudos sobre número de poboación demostran que esta **mantén unha tendencia de estancamento dende os anos oitenta, e os último censos (84 ou 90 grupos, segundo fonte) non demostran un incremento da súa poboación**.

A poboación está sendo regulada pola caza furtiva, e na que uns 200 a 300 lobos poden estar sendo abatidos anualmente.

As redes sociais e as novas tecnoloxías (teléfonos móbiles, cámaras dixitais...) favorecen unha maior visualización e amplificación de situacións relacionadas co lobo. Existen determinados medios de comunicación que **falsean e ou esaxeran directamente as informacións** sobre a especie.

9. **O aportar artificialmente comida aos lobos está contraindicado**, os resultados coñecidos destas experiencias amosan un incremento de danos ás explotacións domésticas máis próximas aos lugares onde se sitúan os cebadeiros, ademais de supor un risco sanitario por contaxio do gando. **Non se debe confundir isto coa posibilidade de que reses mortas de gandería extensiva, que pasta en semiliberdade no monte, fiquen in situ para a súa degradación. O tratamento dos cadáveres da gandería en extensivo debe ser o mesmo que se fai co gando cabalar.**

Debe impulsarse a conservación e **recuperación das greas de cabalos** naqueles lugares onde existiron historicamente.

10. A sociedade actual cada vez amosa un maior grado de sensibilidade na conservación e respecto ao lobo e demanda unha solución da conflictividade existente. Resulta necesario inculcar campañas que nos introduzan ao coñecemento do lobo e o seu papel ecolóxico no medio natural, coa axuda dos medios de comunicación.

Así como vincular o importante papel que pode desempeñar a gandería na conservación do lobo, fomentando experiencias que demostren que a convivencia lobo e gando, non só é posible, senón que resulta necesaria. **A Administración debe implicarse decididamente coa disposición dos recursos axeitados para que esta función da gandería redunde tamén nun beneficio para a conservación do lobo, ao mesmo tempo que lle supoña beneficios compensatorios e/ou alternativos para as**





súas explotacións. A sociedade en xeral debe ser participe de facer desta situación conflitiva, que a priori semella unha desvantaxe, unha virtude coa que poder revalorizar os seus produtos.

1. Ten aumentado a poboación de lobos na Galiza? A situación sobre o tamaño da poboación.

Insístese dende determinados sectores que a poboación é abundante, e que existe unha sobrepoboación de lobos. Algo que debe desmentirse rotundamente xa que os datos existentes ao respecto disto, en base aos censos publicados e a súa comparativa, demostran non ser certos.

O último censo oficial fala de 90 grupos, a segunda Comunidade que máis lobos alberga. Temos unha poboación de lobos moi semellante a das últimas tres décadas.

Os resultados actuais aproxímanse moito aos censos anteriores, o último do 2003, o máis completo que se fixera ata o momento, no que se citaban 68 grupos máis non contabilizaba os grupos compartidos con Portugal e as outras comunidades. Os censos publicados no 2016 si contabilizan grupos fronteirizos con outros territorios administrativos.





Figura 4.3.- Localización das mandas detectadas entre 2013, 2014 e 2015. Os círculos corresponden ao tamaño medio dos territorios de lobos integrados en mandas obtidos por seguimento GPS.

Imaxe 1. Datos censo lobo ibérico en Galicia. 2013-2014-2015. Xunta de Galicia.





Imaxe 2. Datos censo lobo ibérico en Galicia. 2003. Xunta de Galicia.

Cabe citar a diferenza entre os dous censos oficiais publicados no 2016, pois ofrecen datos lixeiramente diferentes.

O Ministerio de Medio Ambiente publicou en marzo de 2016, o censo do 2012-2014, dando para Galicia 84 grupos.

Despois en abril de 2016, a Xunta ofrece o seu censo, dando 90 grupos (dos cales 17 serían compartidos con outras comunidades e

Portugal). Este censo inclúe o ano 2015, no que se realizou un censo parcial que tería só en conta determinadas comarcas, “con preferencia” á presenza de grupos, que anteriormente non resultaran detectados, pero que unha vez localizados sumáronse ao resto do censo, o que pode incorrer nun sesgo da mostra e dar lugar a conclusións erróneas coas que se estaría sobre-representando lixeiramente os resultados finais.

Aínda así a conclusión que se recolle no informe do último censo detalla que, con eses datos, non se pode dicir que a poboación teña aumentado. Non ofrece evidencias de que a poboación teña experimentado crecemento ou decrecemento que se salia do rango da tendencia observada. Aмосa unha tendencia de estabilidade no tamaño da poboación con respecto ás tres últimas décadas.

Tabla 1. Resultados del censo 2012-2014 de manadas de lobo en España. *Exclusivas: manadas presentes únicamente en el territorio de una comunidad autónoma. Compartidas: manadas identificadas simultáneamente en la comunidad autónoma de referencia y en alguna otra de las limítrofes.*

Comunidad Autónoma	Manadas		
	Exclusivas	Compartidas	Total regional
Galicia	77	7	84
Asturias	28	9	37
Cantabria	8	4	12
País Vasco	0	1	1
La Rioja	0	1	1

Táboa 1. Resultados censo lobo Ministerio de Medio Ambiente (2012-2014).





2. É unha opción darlle de comer aos lobos? Aportar artificialmente comida aos lobos está contraindicado.

2.1 A desaparición dos MER:

Dende a crise das vacas tolas procedeuse á activación de protocolos de retirada de cadáveres de gando das granxas coa finalidade de desintegralos baixo control. Antes disto moitos destes materiais, denominados MER (**materiais específicos de risco**), eran eliminados/depositados en fosas de cal ou directamente no monte de xeito pouco ortodoxo, resultando un recurso doado para a fauna comedora de preas.

O lobo tense beneficiado disto, a pesar de que os ataques sempre existiron, pero dende a existencia desta norma certo é que as preas no monte convertéronse en algo moi residual, aínda que non ten desaparecido de todo e nalgúns lugares aínda existe unha pequena fracción que acaba no monte.

Débese recordar que o lobo ten unha función de regulador ecolóxico de valor intanxible. O lobo é un depredador, de presas vivas, e un oportunista de preas, pero non un necrófago de oficio coma poden ser, por exemplo, os voitres. A súa dieta é máis que a parte de gando que come e, tamén, máis que estas preas que comía.

Os estudos sobre a súa alimentación na Galiza apuntan que maioritariamente depende de presas salvaxes, co xabaril e o corzo coma protagonistas, máis tamén do coñecido cabalo do monte. Tamén o gando doméstico figura e a súa incidencia varía por zonas, pero se só dependera do gando non se daría explicado a súa supervivencia.

Non debe esquecerse que o lobo neste momento exerce unha función de “aliado” fundamental na contención da propagación da poboación do xabaril. De cuantificarse o número de súidos que o lobo “xestiona dentro do medio natural”, cos consecuentes danos que se evitarían a cultivos, a cifra económica podería resultar sorprendente.

A función coma regulador de ungulados que exerce o lobo tamén contribúe na redución natural de exemplares de corzo, que xunto co xabaril son especies moi involucradas en accidentes de tráfico.

Pero con relación a aportarlles comida de maneira intencionada mediante o depósito de preas en determinados lugares do monte, aínda que a priori aparente unha doada solución e beneficiosa cara a diminución de ataques, tan inocente medida pode resultar sendo máis contraproducente.





Hai literatura científica que o evidencia, e desas experiencias con lobos noutros lugares do mundo afloran resultados que amosan un incremento no número de ataques ao gando que paxa, descansa, ou se recolle, nos lugares máis próximos ós cebadeiros : Entre os efectos observados descríbense ataques por un efecto de atracción e fidelización sobre ese territorio, aumentando o tempo para as accións de caza o ter un recurso garantido próximo; ansiedade á hora de como acceden ao alimento os distintos integrantes da manda; “reforzamento na aprendizaxe para escoller determinado tipo de presas; e, incluso, xerando interferencias na regulación do tamaño e crecemento do grupo que podería derivar a nivel local na xeración de nun crecemento no tamaño da manda, xerando a nivel local densidades artificialmente altas.

2.2. O caso dos “muladares” para voitres, un exemplo non aplicable ao lobo:

Non é equiparable a solución de cebadeiros para alimentar voitres, por tratarse estas aves de especialistas exclusivas necrófagas, viven das preas, non cazan, e para o que a retirada dos MER puxo en risco as súas colonias. Trátase doutra xestión ben distinta.

2.3. A crueldade dos cebadeiros de lobos de Castela e León:

Faise unha mala asociación de ideas no tocante aos cebadeiros que se empregan para o lobo en Castela e León, xa que non son concibidos para diminuír a presión nos ataques ao gando. A finalidade é máis ben outra e, ademais, con fins cruentos. Eses cebadeiros destínanse en exclusiva para fins de caza deportiva, co cal atraer de modo continuado a exemplares de lobo fronte os postos de tiro. Castela e León ten programada a caza deportiva anual de 143 lobos nos próximos anos.

2.4. Control zosanitario na propagación de enfermidades ao gando:

As medidas de retirada dos MER puxo fin a unha caótica maneira de desfacerse de animais enfermos nas granxas, algo que en décadas pasadas podería asumirse, máis agora resultaría unha auténtica bomba de relojería para unhas explotacións modernizadas. Explotacións sometidas a un rigoroso control de sanidade animal e para o que a administración destina recursos millonarios. Para o ano 2017 a Xunta destinará 7,7 millóns de euros en financiar as campañas de saneamento do gando e outras medidas sanitarias relacionadas coa cabana gandeira galega.

A retirada dos MER forma parte das accións sanitarias de control das explotacións, e da súa aplicación ten contribuído á redución do grado de prevalencia de enfermidades que con anterioridade da “crise das vacas tolas” eran moito máis manifestas e un grave problema para as explotacións. Estas accións conxuntas no control do destino





dos animais mortos por enfermidades gardan estreita relación coa case desaparición da brucelose bovina, ou acadar un nivel de prevalencia da tuberculose bovina por debaixo do 1% e ter obxectivos de fixar o ano 2021 como territorio indemne á tuberculose bovina.

O control deste materiais de risco, agora sometidos a incineración controlada, derivou na redución da propagación destas enfermidades.

A posibilidade de regresar a un modelo de desintegración de animais ao medio natural procedentes de granxas, por moito protocolo que acompañara a esta medida, precisaría duns recursos económicos altos, para evitar que resultara unha práctica de risco elevadísima e grave coa que expor innecesariamente a determinada cabana gandeira. Sería máis o risco que se xera que o beneficio que proporcionaría, para unha medida que estímase que de executala tería un custe superior ao que supón pagar directamente danos rápidos por ataques.

2.5 Unha solución intermedia: non retirar os cadáveres do gando extensivo.

O que si pode resultar útil para o lobo é o feito de flexibilizar a norma de retirada de cadáveres procedentes da gandería bovina extensiva. A que vive no monte todo o tempo, ou case a maior parte, favorecéndose a súa degradación in situ.

Baixo a idea de que “gando en extensivo que morre no monte, no monte debe quedarse”, aspecto este diferente á creación de cebadeiros onde se lles aporte comida.





Neste sentido a aprobación do Decreto 72/2016, do 9 de xuño, xa permite a eliminación de cabalos *“baixo supervisión oficial, mediante degradación in situ, de cadáveres de animais equinos explotados en liberdade mortos nos pastos”*, e isto debería estenderse a totalidade do gando vacún en extensivo .

2.6 A recuperación das greas de cabalos:

Outra medida importante á hora de recuperar presas para o lobo no monte, e poder ofrecer opcións que desvíen os ataques que sofren as explotacións gandeiras, céntranse en impulsar a recuperación e preservar as greas de cabalo galego, garranos, ou bestas. Un tipo moi particular de gandería no que os beneficios que redunda sobre o monte superan calquera enfoque destinado ao mercado produtivo cárnico, pero ambos aproveitamentos non son excluíntes.

Antano cunha presenza destacable, e agora sendo un aproveitamento gandeiro tradicional e xenuíno dos montes galegos, tratándose de animais “salvaxes”, que xa se pode considerar coma un aproveitamento en “perigo de desaparición” de non mediar un paquete de medidas de recuperación urxente.





As greas xogan un papel relevante na selección de presas do lobo, e permite restarlle presión e minorar notoriamente os danos á gandería, en particular a vacún en extensivo. A máis doutras funcións de control de biomasa, ou a protección do solo fronte os lumes, ou mantemento de celebracións de arraigo etnográfico e popular.

É un feito constatado a contribución excepcional destes cabalos “salvaxes” para a conservación do lobo ibérico.

A administración debe facer o posible para fomentar un modelo que reforce esta función social do cabalo galego do monte e facilitar con recursos a actividade dos “besteiros”, coa implicación das Comunidades de Montes, para poder así recuperar estes animais no monte.

Xunto a isto apúntase a conveniencia de desenvolver experiencias de recuperación de ungulados salvaxes (cervo, corzo), mediante un plan de re-introdución de poboacións viables nalgúnhas serras galegas con aptitude para dito fin, sendo está unha opción moi seria para reducir a presión sobre o gando doméstico.

3 Valoración dos danos do lobo por ataques á gandería.

Analizando os datos sobre a cabana bovina galega nos últimos anos, en canto a número de bovinos totais (vacas de muxidura, produción cárnica, e becerros), así coma





ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

da súa cadea de valor, xunto coa estimación do dano causado polo lobo por baixas á gandería, vemos que os resultados ofrecen unhas cifras moi reveladoras sobre o alcance do problema.

Non existe unha correlación do alcance dos danos declarados coa tremenda repercusión nos medios que acada. Mentres que as cifras amosan que nos atopamos nunha situación de impacto moi baixa, a impresión que se ten é de que o lobo está a ocasionar impactos de elevado alcance e extremos para a cabana gandeira.



O **censo de bovinos** totais para Galiza no ano 2016 ascendeu a cantidade de **948.870 animais**, (dato Fonte: EUROSTAT. Animal populations by NUTS2 regions), situando o seu valor ao redor duns 400 millóns de euros para a produción cárnica, e sobre 839 millóns o da produción de leite (Fonte http://www.moa-bpi.com/images/Agroalimentario_ES.pdf), o que amosa un valor medio de produtividade por unidade duns 1.000 (vacas cárnicas) a 1.411 euros (vacas leiteiras).

Temos unha gandería vacún duns 900.000 animais, cunha cadea de valor por riba dos mil millóns de euros. O lobo xera un impacto que afecta sobre o 0,011% da cabana gandeira bovina, por un valor estimado duns 250.000 euros anos (de considerar todos os avisos de danos a bóvidos atribuíbles a lobo) , **o que supón unha afección ao redor do 0,035% do valor económico da gandería vacún no país.**



ADEGA

INFORME LOBO



Sobre o total de reses mortas no conxunto da cabana gandeira os danos están sobre os 350.000 euros (de considerar todos os avisos de danos a bóvidos atribuíbles a lobo)

.

Por número de ataques o comportamento dos danos céntrase, principalmente, no gando menor de explotacións non profesionais e dentro da denominada “economía doméstica”: ovino e caprino. Hai que engadir unha cantidade de animais sen declarar, e que son motivo de avisos por danos.

Polo xeral, **estes rabaños están pouco protexidos e faise un deficiente manexo preventivo**: por exemplo, non se recollen de noite, ou non contan con vixilancia no día, non son custodiados por cans de lobo, ou atópanse en recintos franqueables. En zonas con coñecemento de presenza de lobo ter o hábito de recollelos nas horas crepusculares e/ou de noite para as cortes reduciríanse moito os danos.

Debe formularse algunha solución intermedia para o gando non declarado, destinado a produción doméstica.

Sobre ataques o gando maior, vacún e cabalos, xunto co descenso de alimentación no monte do lobo, existen nalgunhas explotacións dificultades na prevención que favorece que o lobo acceda as mesmas coma un recurso máis fácil. Os ataques non son algo fortuíto e o lobo vai onde máis fácil pode conseguir alimento.

En zonas de lobo os becerros nunca deberían durmir fóra e o lóxico sería recollelos. E así se fai na maioría de explotacións. Tampouco é boa práctica deixar nacer os becerros ao aire libre, algo que tamén incrementa os ataques. Ou se inviste moito en facer peches-fortaleza, que non ten sentido, ou se fai o que se fixo toda a vida, de noite e nas horas crepusculares os animais deben recollese para lugares protexidos.

Tamén destacar que existe picaresca e malas prácticas, que ante becerros mortos no parto, ou animais con síntomas de enfermidade, acaban “deixándose para ao lobo” e abrir así a posibilidade de percibir pago de axudas. Polo xeral estes casos son recoñecibles polos técnicos que levantan acta dos danos.

3.1 Relación dos danos por provincia entre o 2010 ao 2016:

Cabe destacar que resulta falsa a idea de que un maior número de danos e/ou avisos débese a un maior número de lobos. As causas no incremento dos danos responden a outro tipo de razóns, mentres os censos veñen demostrando a situación actual da poboación.





Debe considerarse que a ferramenta pola que se recollen os partes de avisos, canalizados ao redor do teléfono 012, experimentou unha importante remodelación na súa maneira de funcionar. Así no mes de xuño de 2015 asinou un novo contrato, por valor de 4,5 millóns de euros co propósito de superar as dificultades apreciadas anteriormente deste servizo telefónico destinada a atención de múltiples emerxencias e avisos.

Igualmente o incremento notorio das axudas por danos establecidos para o ano 2015 e 2016, pasando duns 110 mil euros a máis de 350 mil, veu acompañado dunha importante divulgación desta mellora en diversos medios de comunicación, algo que permitiu que esta liña de axudas fóra máis coñecida.

O incremento no número de avisos no ano 2016 puido ter moito máis que ver coa mellora no protocolo de recollida de avisos e do seu coñecemento, por incremento notorio das axudas, que por un aumento no número de ataques. Isto tamén lévanos a idea de que, efectivamente, nos anos anteriores puideran rexistrar menos casos dos realmente acontecidos, na liña que acusan os sindicatos agrarios.

PROVINCIA	ANO	AVISOS	NUM_CABALOS	NUM_OVELLAS	NUM_CABRAS	NUM_VACAS	TOTAL RESES
A CORUÑA	2010	207	37	325	22	60	444
	2011	200	15	254	20	100	389
	2012	181	11	315	42	54	422
	2013	162	13	302	7	68	390
	2014	144	7	252	9	56	324
	2015	138	12	246	26	57	341
	2016	133	8	170	27	63	268

LUGO	2010	278	66	500	53	101	720
	2011	270	82	345	46	114	587
	2012	280	91	385	64	116	656
	2013	272	133	229	27	133	522
	2014	266	100	366	20	129	615
	2015	283	80	228	34	154	496
	2016	396	120	315	42	201	678

OURENSE	2010	92	2	208	30	44	284
	2011	90	2	127	53	52	234
	2012	113	5	151	27	55	238
	2013	87	2	105	44	40	191
	2014	108	2	251	43	55	351
	2015	99	0	115	0	60	175
	2016	154	8	147	30	100	285





PONTEVEDRA	2010	114	15	192	22	56	285
	2011	78	10	161	21	28	220
	2012	71	16	68	12	41	137
	2013	58	12	51	23	38	124
	2014	100	17	77	14	68	176
	2015	98	30	113	20	44	207
	2016	137	34	169	86	53	342

GALICIA	2010	691	120	1225	127	261	1733
	2011	638	109	887	140	294	1430
	2012	645	123	919	145	266	1453
	2013	579	160	687	101	279	1227
	2014	618	126	946	86	308	1466
	2015	618	124	702	117	315	1258
	2016	820	170	801	185	417	1573
	TOTAL	3789	932	6167	901	2140	10140

Táboa 2. Número de danos a cabana gandeira por tipo de res e provincia entre o ano 2010 e o 2016. Fonte Xunta de Galiza.




Figura 1. Evolución danos por especies e total de animais entre o 2010 ao 2016.

Consulta desta información:

http://cmaot.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=444684&name=DLFE-40119.pdf





Vistos estes datos procédese a realizar unha estimación económica dos danos para o ano 2016, de considerarse tódolos avisos rexistrados coma danos atribuídos ao lobo, co seguinte resultado:

Estimación danos económicos por danos de lobo para o ano 2016					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
cabalos	800	12.000	800	3.400	17.000
ovellas	12.750	23.625	11.025	12.675	60.075
cabras	2.025	3.150	2.250	6.450	13.875
vacas	37.800	120.600	60.000	31.800	250.200
total	53.375	159.375	74.075	54.325	341.150

Táboa 3. Estimación danos económicos en euros causados en base aos avisos para o ano 2016, por tipo de res e por provincia. Algunhas investigacións noutros territorios establecen que o 30% deses avisos non serían atribuíbles a ataques directo por lobo. Fonte elaboración propia, a partir datos de informe danos da Xunta e prezo medio estimativo de cotización (revisado a alza) para cada tipo de res. (poldros: 100 euros; ovino e caprino: 75 euros; bovinos, becerros: 600 euros* valor medio das cotizacións na Lonxa Agropecuaria de Galiza, para tenreiros de recría e carniceiros para as razas frisón, cruces, rubio) Fonte elaboración propia.

Para o ano 2016 o resultado de danos estímase nunha cantidade duns 341.150 euros para todo Galiza, de considerar tódolos avisos de danos atribuídos a ataques de lobo. Unha cantidade que se comparamos co volume económico da gandería galega resulta marxinal.

Resulta preciso dispor de datos fiables e públicos das perdas numéricas diferenciadas das que causa o lobo fronte as que causa os cans e, sobre todo, as que son froito de picaresca de falsos ataques.

3.2 Avisos que se rexistran como ataques e que non son de lobo:

Cabe destacar que unha fracción de avisos por danos non son causados polo lobo.





Valoracións de danos realizadas para Zamora sitúan como responsables de ataques ata un 30% non atribuíble a lobo. (segundo datos de Javier Talegón para o 2003: Talegón, J. (2003). Danos de lobos y perros en dos áreas de laprovincia de Zamora con diferente manejo ovino. Ciudad Real: Abstracts VII Jornadas de la SECEM).

Para os avisos de danos rexistrados en Galicia resulta esperable uns porcentaxes semellantes, entre casos causados por ataques directos de cans, e animais carroñeados e non depredados.

3.3 Axudas dispostas pola administración para afrontar os danos por ataques de lobo.

Neste apartado recollese a información sobre as ordes de axudas anuais para pago por danos de lobo e publicadas nos Diarios Oficiais de Galiza entre o ano 2004 ao 2017.

Período	Pagos por danos
2016-2017	379.958
2015-2016	358.958
2014-2015	106.035
2013-2014	106.035
2012-2013	111.616
2011-2012	128.301
2010-2011	120.000+11.901
2009-2010	127.824
2008-2009	110.000
2007-2008	100.000
2006-2007	60.000 +25.000
2005-2006	80.000
2004-2005	82.000
2004	82.000

Táboa 4. Crédito disposto pola Xunta de Galiza para o pago de danos (2004-2017).

Vemos que a cantidade orzamentada no ano 2016 e 2017 é bastante superior ao que se estaba facendo dende que hai este tipo de axudas, aproximándose aos danos reais que existen na actualidade. Hai un cambio de tendencia favorable, non de todo suficiente, pero comparado co escenario anterior o salto é importante en canto a pago por danos.

O problema radica en que da suma dos danos acumulados nos anos anteriores existe unha débeda de retrasos que finalmente padece o sector gandeiro afectado.





3.4. Aproximación impacto económico dos danos lobo sobre a gandería bovina: o exemplo do ano 2014.

Estes datos ofrecen unha aproximación sobre o alcance en % dos danos que o lobo ocasionaría sobre o valor económico da cabana bovina en Galiza, cun resultado claramente por debaixo do 0,1% do valor da cabana bovina galega.

Concretamente para o conxunto do país estaríamos falando dun valor estimado do 0,035%. Porcentaxe que aínda resultaría algo menor de desprezar a parte dos avisos que non se corresponderían con ataques do lobo.

Aproximación impacto económico danos lobo sobre a gandería bovina para Galiza					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Bovino totais	338.659	450.271	63.382	100.344	952.656
Estimación valor económico	338.659.000	450.271.000	63.382.000	100.344.000	952.656.000
Estimación danos en base avisos	53.375	159.375	74.075	54.325	341.150
% dano lobo sobre a cabana bovina	0,0157	0,035	0,116	0,054	0,035

Táboa 5. Censo cabana bovina total (vacas muxidura+ non muxidura+becerros) para o ano 2014 (datos Instituto Galego Estatística). Outorgando un valor medio de referencia redondeándose a 1.000 euros por res (Axústase o valor de 1411 euros calculado sobre o valor produtivo de cada efectivo, como se detalla no paragrafo 2º do apartado 3 deste informe, en base aos valores orientativos estimados coma proxección da media na evolución dos custes de cotización na Lonxa Agropecuaria de Galiza, considerando vacún maior categoría extra e primeira, e tenreiros de recría e carniceiros das razas frisón, cruce e rubio.





(<http://www.feiragalicia.com/centralagropecuaria/index.php/es/cotizacions>)). Fonte elaboración propia.

3.5. Aproximación impacto baixas provocadas polo lobo sobre o conxunto da cabana gandeira galega: ovina, caprina, cabalar, bovina no ano 2016.

Comparando o número de efectivos rexistrados para cada unha das cabanas gandeiras de Galiza, para o ano 2016, co número de reses mortas por ataques que se supoñen de lobo para cada unha delas, conséntase que o cabalar soporta a maior incidencia por danos.

Sobre a **cabana cabalar** a incidencia por danos sitúase nun **0,52 %** dos efectivos rexistrados. Cifra que sen embargo resultaría algo maior ao non ser posible contabilizar os numerosos poldros que son depredados aos poucos días e non figuran declarados coma baixas.



O gando **caprino e ovino** soporta sobre o total un nivel de incidencia ao redor do **0,3 %**. Tamén é presumible que este dato resulte lixeiramente superior, xa que debe existir un número alto de efectivos que ao non estar rexistrados (destinados ao autoconsumo) non se contabilizarían e/ou non se dan avisos por ataques.





Para o **gando vacún**, vemos que para o 2016 a incidencia de baixas por ataques é dun **0,04%**, nuns niveis semellantes aos calculados para o 2014 no que se soportaba un 0,035% (ver táboa 5).

Impacto das baixas provocadas, en base aos avisos, sobre o conxunto da cabana gandeira galega				
	caprino	ovino	cabalar	bovino
Nº reses rexistradas	57.240	229.854	32.680	948.870
Nº de baixas por ataques lobo	185	801	170	417
% de incidencia	0,32	0,34	0,52	0,04

Táboa 6. Incidencia dos danos en base aos avisos para cada unha das cabanas gandeiras en relación ao número de efectivos/reses rexistradas no ano 2016 e as depredadas polo cánido. Datos rexistro de especies a partir censos gando do MAGRAMA. Porcentaxe que aínda resultaría algo menor de desprezar a parte dos avisos que non se corresponderían con ataques do lobo





3.6 O problema dos atrasos e a falta de axilidade no pago de danos.

O problema que ten lugar nestes momentos con relación aos pagos é que existe unha demora importante na súa execución.

O pago por danos á gandería debe ser un instrumento que goce de recursos suficientes e axilidade á hora de facerse efectivo. Resulta necesario que a dotación económica se faga xenerosamente, mellorando incluso a base dos prezos de cotización de mercado e, tamén, que inclúa a suma do lucro cesante que os danos provoquen. Como incluír aqueles casos dubidosos que puideran ou non ser provocados polo lobo a efectos de favorecer un mellor clima social.

Os retrasos nos pagos dende o ano 2010 ao 2016, en relación coas axudas destinadas a compensalos, considerando que tódolos avisos rexistrados corresponderán unicamente con ataques de lobo, acumulan un negativo de 570.000 euros que directamente soportan as explotacións afectadas.

Tendo en consideración que unha fracción de danos ao redor dun 30 % pode non ser producido polo lobo, a cantidade real adebedada e acumulada, entre o período 2010-2016, podería situarse sobre os 438.461 euros.

A efectos de mitigar o fenómeno da conflitividade social existente na actualidade, as axudas por pagos deben ser xenerosas e manter certo criterio de flexibilidade para os casos de dúbidas, nas que a pesar de que o lobo non sexa o principal sospeitoso do dano exista unha compoñente de ataque procedente de cánido.

Na seguinte táboa ofrécese a valoración aproximativa do alcance dos retrasos de pagos existentes anualmente e a acumulación dos mesmos nos sucesivos anos:





ADEGA

Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza

RETRASOS ACUMULADOS POR IMPAGOS DE DANOS DE LOBO DE 2010 A 2016								
ANO	Estima do total anual dos danos por gandería (en €)				Estima do total anual dos danos para o conxunto da gandería (en €)	Axudas aprobadas* (en €)	Danos económicos anuais non pagados(en €)	Danos económicos acumulados nos anos sucesivos(en €)
	Caba.	Ove.	Cab.	Vac.				
2010	12.000	91.875	9.525	156.600	270.000	131901	-138.099	-138.099
2011	10.900	66.525	10.500	176.400	264.325	128.301	-136.024	- 274.123
2012	12.300	68.925	10.875	159.600	251.700	111.616	-140.084	- 414.207
2013	1600	51.525	7.575	167.400	228.100	106.035	-122.065	- 536.272
2014	12.600	70.950	6.450	184.800	274.800	106.035	-168.765	- 705.037
2015	12.400	52.650	8.775	189.000	262.825	358.958	+ 96.133	- 608.904
2016	17.000	60.075	13.875	250.200	341.150	379.958	+ 38.808	- 570.096
Total	93.200	46.2425	67.575	128.4000	1.907.200	1.322.804		



ADEGA INFORME LOBO



ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*

24

***Táboa 7.** Aproximación do retraso acumulado por impagos de danos as reses mortas derivadas do conxunto de avisos declarados entre os anos 2010 ao 2016. Ter en conta que a orde de axudas anuais establécese para os períodos de outubro- setembro. A estimación dos danos por res realizouse conforme ao criterio establecido na táboa 3. Fonte elaboración propia a partir dos datos publicados pola Xunta de Galiza*



ADEGA INFORME LOBO



A demora actual que existe por pagos réstalle credibilidade, coa consecuencia de que exista unha moi mala percepción das mesmas e, polo tanto, non axude a mellorar a coexistencia de lobo gando.

Pagar rápido sería un paso moi importante na resolución deste conflito.

A efectos de transparencia resulta importante que todos os anos se ofrezca información pública sobre o estado e execución do gasto desta partida, coas estatísticas dos danos pagados, dos expedientes excluídos, e dos retrasos existentes, así como tempo medio de espera para pagar cada dano.

4. Impulso á prevención e incremento dos seus recursos.

A clave para avanzar nunha solución satisfactoria que mitigue o impacto do lobo á gandería pasa por incidir na necesidade de impulsar un modelo que outorgue preferencia ás medidas preventivas, con recursos de maneira ininterrompida e sostida no tempo, xunto coas axudas que hai por danos.

A prevención vén mostrándose coma o método máis efectivo para reducir os ataques á gandería. A administración debe traballar no seu impulso aportando **asesoramento, asistencia e recursos suficientes.**

As explotacións con danos recorrentes deben ser especialmente atendidas e asesoradas pola administración a efectos de contrastar as fórmulas preventivas máis axeitadas ou determinarse o motivo polas que resultan ineficaces.

As explotacións con danos recorrentes deben ser especialmente atendidas e asesoradas pola administración a efectos de contrastar as fórmulas preventivas máis axeitadas ou determinarse o motivo polas que resultan ineficaces.

Período	Axudas prevención
2016-2017	34.340,72**
2015-2016	150.000*
2014-2015	0
2013-2014	0
2012-2013	0
2011-2012	28.000
2010-2011	28.000
2009-2010	28.000
2008-2009	94.500
2007-2008	94.500





2006-2007	70.000
2005-2006	100.000
2004-2005	0
2004	0

Táboa 8. Crédito disposto pola Xunta para o pago de medias preventivas dende o ano 2004. * do crédito establecido por danos provocado pola fauna salvaxe. ** Crédito destinado a asistencia técnica para determinar a eficacia das medias preventivas.

5: Medidas preventivas preferentes:

5.1 Liñas de axuda para pastores.

De entre as medidas preventivas cabe destacar a importancia de recuperar a figura do pastor, en especial nas explotacións que contén cun número importante de gando en extensións amplas. Segundo un informe da Unión Europea a partir de 50 unidades recoméndase a vixianza con pastor, para a gandería extensiva e amplas zonas.

La predación del lobo sobre el ganado vacuno

Caracterización del conflicto y propuestas para reducirlo



La información que presentamos en este documento se obtuvo en un estudio realizado en Portugal y España para caracterizar y prevenir los daños del lobo al ganado vacuno titulado "Exploring traditional husbandry methods to reduce wolf predation on free-ranging cattle in Portugal and Spain". Este proyecto fue realizado en 2013 y 2014 bajo la coordinación del Instituto de Ecología Aplicada, financiado por la Comisión Europea y con la supervisión de la Iniciativa Europea para los Grandes Carnívoros (LCIE: <http://www.lcie.org/>).

Los miembros del equipo involucrados en el proyecto fueron:

- FRANCISCO ÁLVARES (LCIE / CIBIO-InBio);
- JUAN CARLOS BLANCO (LCIE / Proyecto Lobo CBC);
- VALERIA SALVATORI (LCIE / IEA);
- VIRGINIA PIMENTA (CIBIO-InBio);
- INÉS BARROSO (ICNF);
- SÍLVIA RIBEIRO (MEDWOLF / Grupo Lobo)



Enero 2015

Páxina 14:

Promover la vigilancia del ganado con la presencia de pastores o perros de guarda en vez del pastoreo en extensivo sin vigilancia, en extensiones muy amplias. El número de pastores y de perros debe ser proporcional al tamaño de los rebaños, con un pastor y al menos un perro por cada 50 cabezas.

Figura 2. Informe “La predación del lobo sobre el ganado vacuno. Caracterización del conflicto y propuestas para reducirlo”. Fonte Comisión Europea, xaneiro de 2015.





A ausencia de pastoreo durante o día, a pesar de que poida estarse empregar algunhas medidas preventivas (peches, cans de lobo), dada a falta de presas salvaxes para o lobo, pode ser fonte dunha maior recorrencia de ataques.



Valórase coma medida estratéxica a posibilidade de establecer liñas de axudas para subvencionar unha parte do que supón a contratación de pastores, naquelas explotacións con exposición permanente ao lobo e que sume danos recorrentes, e na que se constate un compromiso de corresponsabilización na posta de medidas preventivas.

Estas axudas ao pastoreo teñen que ser entendidas coma un “premio” ao pastoreo pola labor que poden desempeñar en favor da conservación da biodiversidade, e neste caso polo lobo.

5.2 Sobre os “cans do lobo” (mastín leonés, can Castro Leboreiro...)

O uso de cans do lobo trátase dunha práctica tradicional ao pastoreo, aínda moi presente nas montañas orientais de Galicia. A súa convivencia permanente co gando, cun traballo en grupo de varios cans grandes, algúns incluíndo carrancas (colares con puntas), sempre constituín un dos garantes disuasorios para repeler os ataques de lobo.





ADEGA

*Asociación para
a Defensa Ecolóxica de Galiza*



O seu uso pasa por ser unha axuda inestimable na vixilancia do gando, tanto por si só coma de apoio e/ou complemento doutras accións. A súa efectividade tanto mellor será na medida en que o acondicionamento dos “cans de lobo” sexa capaz de xerar un estreito vínculo co gando que vai custodiar.

Existen experiencias que indican que os cans de lobo deben comezar a súa preparación e contacto co rabaño dende pronta idade, e que preferentemente se traten de cachorros de ascendencia gandeira.



ADEGA

INFORME LOBO



A introdución de cans adultos nun novo rabaño precisará dun período de acondicionamento que pode prolongarse no tempo e, finalmente, non resultar efectivo. Non resulta preciso que teñan que tratarse de razas con pedigrí, procedentes de criadeiros, importando que eses animais procedan de ascendencia gandeira.

5.3 Peches, peches electrificados para becerros, e estabulación nocturna.

O uso de curros electrificados para o medre e cría dos becerros, na gandería extensiva, e na que as vacas poden entrar e saír, pero os becerros non, mostrase coma un dispositivo moi eficiente na redución no número de baixas. Presentan o inconveniente de ser caros, e precisan dun manexo e atención de mantemento continuado. A posibilidade de melloralos a efectos de permitir un rexistro de conteo das vacas que saen e entran en cada momento, así como reforzar os peches sen necesidade de electrificar estes curros, xa que necesitan dun rozado continuado. Na mesma liña estaría a posibilidade de dispoñer peches electrificados móbiles para o gando caprino e ovino de explotacións profesionais en zonas de monte.

Prodúcense queixas das dificultades para tramitar as axudas para a súa instalación, recomendándose que dende a Administración se favorezan e outorguen facilidades na tramitacións de axudas. Tamén de roubos dos materiais que constitúen estes peches.

A estabulación nocturna dos becerros ou dos animais para parir debe ser tamén unha actuación prioritaria en zonas expostas a ataques de lobo.

6.4 O gando menor en parcelas ao redor das casas.

En zonas con presenza de lobo resulta preciso non relaxar a vixilancia ou manexo dos pequenos rabaños de ovino e caprino, moitos deles para autoconsumo e sen rexistrar, que pacen nas proximidades das casas. Non soe resultar suficiente os peches existentes dada a capacidade do lobo para poder franquealos. Polo que debe sempre retirarse de noite, pero tamén nas horas crepusculares da mañá e da tarde. Así como da conveniencia de facerse acompañar ben de cans do lobo, ben dunha mula que conviva con ese gando, ou dunha malla móbil electrificada.

6.5 Outras medidas. A subvención de pólizas de seguros agrarios.

A modalidade de seguros agrarias que fagan fronte a baixas ocasionadas por fauna salvaxe ao gando estase poñendo en práctica noutras comunidades, incluso coa participación da propia administración en dispoñer liñas de axuda para subvencionar parte dos mesmos con cargo as liñas da Política Agraria Comunitaria.





A posibilidade que a Xunta de Galiza promova unha campaña de axudas para subscribir este tipo de seguros para as explotacións pode resultar tamén de importante axuda.

7. Son os controis de poboación unha opción?

O lobo é un dos maiores legados que temos da historia natural do continente europeo. O lobo ibérico estivo nunha situación crítica, a punto de desaparecer no fai moitas décadas, e por fortuna logrouse recuperar. Pero iso derivou en que hai pouco fondo de armario xenético, a especie conta cun feble soporte de variabilidade do seu ADN, e isto fai moi vulnerable ao futuro das súas poboacións. Dentro da poboación lobeira son moi poucos exemplares os que se reproducen, ao redor dun 11%, e isto significa que a viabilidade das poboacións de lobo susténtase nun número moito menor de lobos e, polo tanto, cada lobo é portador dunha herdanza xenética valiosísima para o futuro da especie.

Os “controis poboacionais” do lobo na Galiza están suxeitos ao disposto no Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia.



Dende o ano 2006 a Xunta autorizou 75 controis nos que foron abatidos 17 lobos. Este dato que semella menor non o é tanto, pois ata o de agora asentárase a idea de





que eran concibidas máis pra calmar os ánimos que pola súa eficacia. Pero os resultados indican que a taxa de captura é de un lobo cada 4,4 controis autorizados.

Unha porcentaxe máis alta que noutros territorios, caso de Araba, **cunha taxa de 1 lobo por cada 12,5 batidas** (datos entre 1994-2004 Jorge Echegaray et al,

http://www.euskadi.eus/gobiernovasco/contenidos/boletin_revista/sustrai_77/es_agripes/adjuntos/77_48_51c.pdf).

Para a súa autorización deben de cumprirse unha serie de condicións previas a efectos de respectar a coherencia e finalidade última pola que se aproba o plan específico para a conservación do lobo, considerada coma unha especie predadora *“que dá lugar a unha problemática social que podería derivar en problemas de conservación para a especie, polo que é obxecto dunha atención especial por parte desta administración”*.

A opción destes controis poboacionais so debería contemplarse en situacións de moi marcada excepcionalidade, para as que terían que darse circunstancias moi atípicas ou raras. Sempre baseadas en serias argumentacións científicas e socioeconómicas.

Os controis poboacionais son concibidos coma unha suposta solución inmediata, pero coa súa aplicación o que realmente se provoca é o desdoblamento do problema noutros dous máis grandes:

- Xerar un maior dano ecolóxico, que moitos expertos consideran grave, na estrutura e comportamento das mandas e na reserva xenética da poboación de lobos.
- Incidir e/ou favorecer situacións nas que os danos por ataques poidan incluso incrementarse, xa que non existe ningunha evidencia científica que demostre que con este tipo de medidas se reduzan os danos, agás, claro, se extermine a poboación do lobo causante do prexuízo. Pero si existen evidencias ao contrario que demostrarían a aparición de máis danos.

Nas autorizacións destes controis apréciase que se están a dar unha serie de incumprimentos graves na aplicación do Decreto 297/2008, que se tratarían de desviacións que lle restan garantías que permitan desenvolver unha correcta aplicación do Plan de Xestión.

Estas desviacións contravirían o sentido polo que o lexislador entendeu a necesidade de aprobarse un plan de xestión do lobo.





Existe unha falta notoria de garantías á hora de emitirse os informes técnicos polos que se xustifican, basicamente porque moitas das medidas necesarias para graduar e establecer dita base xustificativa non se teñen desenvolvido por parte da Administración.

Aprécianse irregularidades no incumprimento de varios artigos do Decreto de xestión do lobo, polo que non resulta posible que ditas autorizacións queden xustificadas dun xeito obxectivo, e o que se estaría a facer é abusar nunha discrecionalidade inxustificada que contraviría o principio básico que se pretende que é garantir a conservación da especie.

Debe terse en conta a particular protección legal que ten o lobo. Xa que tratándose dunha especie que aínda non estando incluída no catálogo de especies ameazadas, considerada cinexética, dadas as particularidades e ameazas ás que está sometida, o legislador entendeu que debe estar sometida a un plan específico que garanta a súa conservación e estableza mecanismos de xestión cos que solucionar a súa conflitividade coa gandería.

O plan de xestión do lobo ten coma finalidade garantir a xestión de conservación da especie e establecer un gradiente de medidas que axuden a mitigar os danos á gandería por ataques e en función da zonificación establecida.

O artigo 8 deste Decreto dispón na súa redacción que se fomentarán medidas de prevención, contemplándose a posibilidade de realizar “unha planificación para controlar a poboación de lobo”, indicando explicitamente que tal medida poderá ser adoptada pola Administración **“logo dunha avaliación técnica dos danos sobre o gando, da adopción de medidas preventivas, do grao de conflitividade social e do estado poboacional do lobo, que deberá ser obxecto de seguimento”**.

O artigo 22 sobre *“a avaliación e seguimento do sistema de axudas”* indica que *“establecerase unha gradación do volume dos danos producidos polo lobo que se poden soportar así como directrices de xestión referidas ás distintas zonas que establece o Plan”*. Enténdese que o Plan con esta medida pretende introducir uns protocolos e uns criterios de obxectividade que salven autorizacións que puideran resultar discrecionais.

O incumprimento repetido destas cuestións son as que están a conducir a unha situación de fracaso na aplicación do Plan, para o que a Administración no lugar de incidir, e dispor de recursos e iniciativa, na súa activación co propósito de diminuír danos e evitar a súa recorrencia, anticiparse mediante medidas preventivas e





favorecer a corresponsabilización das explotacións á hora de manexar o gando, para poder así reducir a conflitividade social. Fronte a isto a Administración opta polo camiño das autorizacións dos controis poboacionais.

8) O efecto no exceso de batidas sobre as zonas periurbanas: Un efecto indirecto sobre o lobo.

No mes de xullo de 2016 xa se levaban rexistrado 35.000 solicitudes para batidas de xabaril para toda Galiza. No 2015 celebráronse 25.000. Unha medida cun esforzo elevadísimo co que se pretende loitar contra a expansión do xabaril e a súa entrada masiva nos cultivos e nas estradas.

A tipoloxía deste tipo de batidas/ganchos supón que para grandes zonas de monte se bata cun esforzo intenso, coa implicación de numerosos cazadores (de 10 a 30) e mandas de cans (por riba dos 15). Isto supón que por cada unha das manchas que se baten en cada batida o nivel de molestia sobre a fauna pode considerarse alto.

Este esforzo de caza sobre o xabaril, que resulta elevadísimo e constante durante todo o ano, pode estar a causar unha situación desproporcionada e inusual de molestias que alteran ostensiblemente o patrón de comportamento da fauna salvaxe e que estaría a afectar a unha superficie moi ampla do territorio galego. Sendo as propias poboacións de xabaril e lobo, de entre as que logran sobrevivir, as que aprenden e mudan de lugares.

Este volume de batidas concédese á marxe dunha previsión de xestión integral da especie en todo o territorio, e sen contar cun diagnóstico certo do que está sucedendo.

É importante destacar que son precisamente as zonas de seguridade de caza, que veñen a coincidir coas áreas periurbanas e proximidades de vías de comunicación, as que rapidamente son detectadas pola fauna do monte, co consecuente aprendizaxe de atopar acubillo delas.

O efecto que pode estar provocando un exceso de batidas é o acantonamento de animais, grupos familiares, en zonas aparentemente máis seguras para eles (caso do xabarín).

Ou o desprazamento cara outros territorios a priori de peor calidade, en canto a disposición de presas salvaxes, e de maior exposición, caso do lobo. Un dos factores





que determinan a selección dun territorio do lobo é precisamente o grado de molestias que poida recibir.

O lobo sendo unha especie que prefire espazos cunha alta tranquilidade, nos que pasar máis inadvertido, vese desprazado a estas zonas máis inseguras e/ou expostas, que non son as desexables para a especie, con recursos máis limitados, polo que deberá correr máis riscos á hora de buscar novas presas, coma pode ser o acercarse máis aos núcleos rurais. Mentres duren as molestias o lobo verase acantonado nestes lugares.

O exceso no número de batidas pode estar a derivar na concentración de animais que logran fuxir das mesmas para estas zonas de seguridade, cunha maior rede de estradas e, polo tanto, aumentándose o risco de accidentes de tráfico.

Así como provocar un desprazamento do lobo cara estas zonas máis próximas a núcleos de poboación, con peor aptitude, e favorecendo un maior contacto coa gandería próxima as casas.

9. Control do furtivismo e dos métodos non selectivos (lazos, cepos, velenos).

Os estudos sobre número de poboación demostran que esta mantén unha tendencia de estancamento dende os anos oitenta, e os últimos censos non demostran un incremento da súa poboación. Temos entre uns 70 a 90 grupos repartidos sobre todo nos ambientes de media montaña do país. Isto significa que cerca duns 200 a 300 lobos morren todos os anos por persecución ilegal do home, e que quen está regulando a súa poboación é o furtivismo con métodos cruentos (dende batidas de xabril e raposo, xornadas de caza hábiles), ata as barbaridades no uso de cepos, lazos e velenos.

Resulta necesario que se persigan estas prácticas constitutivas de delito penal, e se endureza a normativa pola cal poñer control ao uso de métodos non selectivos e capaces de xerar un dano masivo á fauna.

Fica pendente a aprobación por parte da Xunta da Orde pola que se aprobe o Plan de acción para a loita contra o uso ilegal do veneno no medio natural, e que xa fai meses pasou por fase de consulta pública.

Do mesmo modo debe articularse unha orde aplicable ao uso de cepos, lazos, así coma outros dispositivos, selectivos ou non, capaces de ocasionar danos cruentos á fauna, e en particular ao lobo.





10. Informacións sobre o lobo desproporcionadas, falsas e alarmistas.

Reivindicar a necesidade de que un enfoque científico acompañe as informacións sobre o lobo, pois na actualidade detéctase unha importante carencia no contraste das mesmas.

Preocupa que exista unha crecente tendencia á aparición de informacións falsas ou pouco contrastadas e vago rigor.

Esta maneira na que se comunica está a dificultar a adopción de solucións. Incrementan as complicacións para as Administracións, pois axudan a fomentar unha percepción moi negativa de animadversión, inducen á persecución ilegal, ou que a propia Administración véxase forzada a autorizar cacerías.

Resulta urxente aplicar a disposición 23 do Decreto 297/2008, de 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de Xestión do Lobo en Galicia, relativa á “información, e educación ambiental e sensibilización” que establece a elaboración dun “**PLAN CECOP de comunicación, educación, concienciación e participación.**”

11. Sectores de presión antilobo.

Dentro desta polémica existe un lobby de presión que está actuando nos últimos tempos con moita insistencia e creando unha alarma social desproporcionada e interesada, con informacións continuadas que sitúan ao lobo coma un dos expoñentes que máis estaría a danar as explotacións gandeiras galegas.

O sector cinexético está a presionar para que o estatus cinexético do lobo mude no sentido de que se permita a venda de trofeos para caza maior, tal e como se está facendo en Castela e León no que se autorizará a caza de 143 lobos anuais ata o 2019.

12. Incumprimentos de participación cidadá.

Resulta necesario activar mecanismos de participación cidadá que permitan aproximarnos ao coñecemento do lobo, para o que a pesar de todo segue a ser un grande descoñecido. Para isto é necesario activar as previsións contempladas no Plan do Lobo.

Os apartados correspondentes á participación social, e plan de comunicación coa finalidade de concienciar e sensibilizar sobre o lobo, recollidos no Plan do Lobo (Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia) nunca chegaron a desenvolverse.





Concretamente:

a) **Información, educación ambiental e sensibilización**, recollido no punto 23: “... Realizárase un plan de comunicación, educación, concienciación e participación completo (plan CECOP), dirixido ao cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de xestión do lobo en Galicia. A Xunta de Galicia desenvolverá e impulsará campañas especificamente deseñadas para cada un dos sectores sociais implicados na conservación e xestión do lobo...” .

Non se teñen desenvolvido actuacións neste sentido.

b) **Foro galego sobre o lobo**, recollido no punto 24: “Crearase un foro galego sobre o lobo no cal estean representados todos os sectores relacionados co lobo en Galicia, onde terá lugar o intercambio de experiencias e a participación de todos os sectores sociais implicados.

Nunca se convocou.

c) Participación dos sectores implicados, recollido no punto 28: “Fomentárase e perseguírase a participación de todos os sectores sociais implicados na xestión e conservación do lobo..”

d) Apartado 29.2: “**Constituírase un comité de asesoramento para a xestión e conservación do lobo, que estará integrado por científicos e profesionais de recoñecida competencia nesta materia**”.

Sen constituír.

e) Seguimento do Plan, recollido no punto 31: o seu seguimento farase no marco do Observatorio Galego, e con carácter anual emitirase un informe sobre o desenvolvemento do Plan.

f) Sobre o aproveitamento turístico asociado ao lobo, referido no Punto 27.

Non se teñen desenvolvido accións centradas na promoción e recuperación do patrimonio etnográfico e cultural asociado ao lobo.

A riqueza deste patrimonio en Galiza é moi abundante en moitas serras e lugares, e o seu aproveitamento pode ser un elemento máis que contribúa a mellorar a oferta turística en moitas comarcas.





Agora ben, sobre a idea de impulsar un turismo de observación de lobos salvaxes existe a crenza de que a súa posta en marcha estaría exenta dunha problemática para a conservación da especie, e a posibilidade de facelo pode carrexar graves problemas que condicionen a supervivencia dos grupos que vivan nesas zonas de observación.

Existen experiencias pioneiras na Península deste tipo de turismo que acabaron cun grupo de lobos. No caso máis concreto da Serra da Culebra, onde existe un turismo xa con certo recorrido vinculado á observación do lobo, cabe destacar que incluso na actualidade é fonte de serias ameazas para a especie, e que na maioría dos puntos que se empregan para as súas observacións estas son posibles por que aproveitan os cebadeiros dos postos cinexéticos. Tamén outras características do territorio da Serra da Culebra, con basta amplitude de superficie moi naturalizada e moi escasa densidade de poboación e de ocupación de vías e edificacións, son dificilmente reproducibles na case totalidade do territorio galego.

Para o desenvolvemento dun turismo de observación de lobos, cada territorio debe considerar as circunstancias concretas que afectan ao/s grupo/s de lobos alí presentes, grado de conservación do espazo, a dispoñibilidade de alimento de presas salvaxes, dispoñibilidade de refuxio, posibles interferencias co gando, grado de aceptación social, a partir do que establecer unha estratexia de desenvolvemento turístico coa que ponderar a súa conveniencia e posibilidade de éxito. Pero ante todo debe prevalecer as garantías de protección da especie.

Galiza, febreiro de 2017

Martiño Nercellas Méndez, biólogo e vogal de biodiversidade de ADEGA

